

UNIHOKEY OU FLOORBALL

1. MATERIAL

O bastón e a bola serán de material plástico. A medida do bastón debe ser de 1,10 m. de longo e o mango debe ser redondeado.


2. TERREO DE XOGO

Ten unhas medidas de 40m. de longo x 20m de ancho. Hai unha liña central que divide a pista en dúas metades e un punto central onde se fai o saque inicial antes de cada tempo e despois de cada tanto.

Limitando a pista hai unhas bandas de 50cm. de altura que impiden que a bola salga do terreo, para dar unha maior continuidade ao xogo.

As **porterías** teñen un tamaño de 1,60m. de longo e 1,15 de alto. Están bordeadas por dúas áreas: unha a do porteiro de 2,5m.x 1m. e outra, a da portería que ten 5m. de ancho e 4m. de longo separándose do fondo 2,85m.

Hai outras marcas chamadas *“face off”* (saque neutral) que están colocadas a 1,5m. das bandas, son seis, dúas na liña central, e outras catro, dúas a cada lado da pista.



3. TEMPO DE XOGO

En competición oficial o partido ten tres tempos de 20 minutos cada un con un descanso de 10 minutos entre cada parte.

4. XOGADORES E EQUIPOS

Os equipos están formados por *seis* xogadores, incluíndo ao porteiro. Este pode levar casco e unha equipación especial con proteccións.

O número de substitucións é ilimitado e se poden facer en calquera momento durante o encontro, sempre saíndo polas bandas laterais do centro do campo a 5m. a cada lado da liña central.

5. O XOGO

Saque inicial: Para comeza-lo xogo a bola se coloca sobre o punto central e farase un *saque neutral*(*face off*).

Saque neutral(*face off*): Un xogador de cada equipo disputará a bola cando o árbitro de o sinal.Cada xogador colocarase, á mesma distancia, fronte a liña de fondo do equipo contrario permanecendo no seu propio campo. Os demais xogadores, colocaranse a unha distancia non inferior a 3 metros, bastóns incluídos. O saque pode ir directamente á portería.

Este saque concédese nos seguintes casos:

- A bola está aplastada de xeito involuntario ou a bola non pode ser xogada correctamente.
- A portería foi desprazada involuntariamente e non pode situarse no seu sitio con rapidez.
- Prodúcese unha lesión grave ou unha lesión que afecta directamente ao xogo.
- Teñen lugar circunstancias especiais(entrada de persoas non autorizadas ou obxectos na pista,falla de luz, etc.)
- O árbitro non pode decidir o equipo infractor nun saque de falta, ou se produce a falta por ámbolos dous xogadores ao mesmo tempo.

6. ACCIÓNS PERMITIDAS

- Xoga-la bola con calquera parte do bastón.
- Parar ou toca-la bola con calquera parte do corpo, agás coa cabeza e os brazos(só no caso do porteiro na súa área).
- Dirixi-la bola co pé hacia o bastón, pero non de xeito intencionado hacia outro compañeiro, nin hacia a portería, nin dar máis de un toque seguido.
- Xogar co apoio das bandas laterais.

7. ACCIÓNS PROHIBIDAS

- . Eleva-lo bastón por riba da cintura si hai xogadores próximos.
- . Non se pode xoga-la pelota dende o chan.

- . Golpear, bloquear ou interferir os movementos do bastón do contrario.
- . Non se pode xogar dende o interior da área de portería (*área pequena*)
- . Empurrar co ombreiro a outro xogador.
- . Non xogar coa bóla no ar por enriba do xeonllo.
- . Golpear a pelota co xeonllo ou coa perna para dirixila hacia un lugar determinado intencionadamente.
- . Non xogar a saltos.

8. INFRACCIÓN E PENALIZACIÓNS

- **GOLPE FRANCO:** Ante calquera infracción do xogo, o árbitro concederá un saque de golpe franco ao equipo contrario. A bóla ponse en xogo no lugar onde se cometeu a infracción, agás si se produce detrás da liña de portería que se sacará no punto "*face off*" (*saque neutral*) máis próximo. Os xogadores defensores manterán unha distancia de 3 metros respecto á bóla.
Pode considerarse gol como consecuencia de un saque directo de golpe franco.
- **PENALTI:** Cando se produce unha infracción intencionada ou grave para evita-lo lanzamento á portería ou a consecución de un gol, o árbitro concede o lanzamento do penalti ao equipo contrario.
Comézase dende o centro do campo e o porteiro dende a liña de gol.
- **PENALIZACIÓNS:** Os xogadores poden ser sancionados con *expulsións temporais* ou *definitivas* por accións ou comportamentos antideportivos, facer accións que comporten perigo aos adversarios ou pola súa reincidencia en faltas. A duración das expulsións temporais vai dende os 2 ata os 10 minutos

